

Ilma. Sra. dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. De Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a existencia de varios postos de traballo vacantes na Relación de postos de traballo deste Concello (BOP de Lugo do 29/5/2020)

De acordo co disposto no artigo 92 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, así como, no artigo 52 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Efectuar a convocatoria para proveer varios postos de traballo de libre designación, con arreglo ás seguintes bases:

Primeira.- Os postos de traballo que se convocan poderán ser solicitados polos funcionarios/as públicos de calquera Administración pública que reúnan os requisitos establecidos para o seu desempeño e que se relacionan no anexo I da presente Resolución.

Segunda.- Os/as interesados/as dirixirán as súas solicitudes, segundo modelo do anexo II, á Sra. Tenenta de Alcaldesa delegada de Gobernanza: Economía e Recursos humanos

Terceira.- As solicitudes presentaranse dentro do prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado, no Registro Xeral do Concello de Lugo, Ronda da Muralla, 197, 27002, Lugo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cuarta.- Ademais dos datos consignados no modelo de solicitude, os aspirantes acompañarán á mesma o seu curriculum vitae, no que figuren títulos académicos, anos de servizo, postos de traballo desempeñados na Administración, estudos e cursos realizados e outros méritos que se estime oportuno poñer de manifesto. Así mesmo farán constar detalladamente as características do posto de traballo que viñeran desempeñando.

Quinta.- A presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Diario Oficial de Galicia e anuncio da mesma no Boletín Oficial do Estado

Sexta.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que dicta o acto, conforme ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante os xulgados do contencioso administrativo de Lugo, de acordo co previsto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa.

ANEXO I

Convocatoria de postos de traballo de libre designación

Postos de traballo	Número de postos	Nivel	Complemento específico (12 meses)	Código Posto	Grupo	Observacións	Escala e Requisitos
- Xefe/Xefa de Servizo de Persoal	1	29	.17.985,00	06/208	A1	Aberto a todas as Administracións Públicas	Admon Xeral
- Xefe/Xefa de Servizo de Urbanismo	1	29	.17.985,00	21/208	A1	Aberto a todas as Administracións Públicas	Admon Xeral
- Xefe/Xefa de Servizo de Arquitectura	1	29	.17.985,00	23/208	A1	Aberto a todas as Administracións Públicas	Admon Especial (Arquitecto/a)
- Xefe/Xefa de Servizo de Medio Ambiente	1	29	.17.985,00	25/208	A1	Aberto a todas as Administracións Públicas	Admon Xeral Especial (Enxeñeiro superior, biólogo, grado en ciencias ambientais, veterinario, farmacéutico)

SRA. TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DO AREA DE GOBERNANZA:
ECONOMIA E RRHH